



A madalena

Escola infantil
municipal

PROXECTO EDUCATIVO DE
CENTRO
CURSO 2021-2022

A) ANÁLISE DO CONTEXTO.

A.1.)CARACTERISTICAS DO CENTRO.

- 1. TITULARIDADE E FINANCIAMENTO.**
- 2. NIVEIS EDUCATIVOS QUE ESCOLARIZA: Nº DE UNIDADES.**
- 3. SITUACIÓN XEOGRÁFICA**
- 4. DESCRICIÓN BREVE DAS INSTALACIÓNS.**
- 5. SERVIZOS QUE OFRECE.**
- 6. PROXECCIÓN SOCIAL DO CENTRO NA ZONA.**
- 7. RELACIÓN COAS FAMILIAS.**
- 8. DESCRICIÓN BREVE DOS RECURSOS E MATERIAIS**
- 9. HORARIO DO CENTRO.**
- 10.HORARIOS DO PERSOAL DOCENTE.**
- 11.HORARIOS DO PERSOAL NON DOCENTE.**

A.2.) CARACTERISTICAS DO ALUMNADO.

- 1 . Nº DE ALUMN@S IDADES E AGRUPAMENTOS.**
- 2. CARACTERISTICAS DAS FAMILIAS .**
- 3. TIPO DE RELACIÓNS ENTRE O ALUMNADO.**
- 4. NEN@S CON N. E. E.: COMO SE INTEGRAN, APOIOS COS QUE SE CONTA.**
- 5. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.**

A.3).CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL QUE TRABALLA NO CENTRO.

- 1. NÚMERO E FUNCIONS**
- 2. FORMACIÓN.**
- 3 . FORMA DE TRABALLAR (EN EQUIPO OU INDIVIDUALMENTE)**
- 4. DISTRIBUCIÓN DAS TAREFAS**
- 5. MECANISMOS DE INFORMACIÓN ENTRE O PERSOAL.**
- 6. CRITERIOS QUE SE SEGUEN PARA A DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.**

A.4).CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO.

- 1. LOCALIZACIÓN¹**
- 2. CONSIDERACIÓNS DEMOGRÁFICAS**
- 3. CARACTERÍSTICAS SOCIOCULTURAS E ECONÓMICAS.**
- 4. LINGUA EMPREGADA.**
- 5. SERVIZOS QUE NOS OFRECEN PARA OS NEN@S.**
- 6. RELACIÓNS QUE MANTEN A ESCOLA COS RECURSOS DO CONTORNO**
- 7. RELACIÓN CON OUTROS CENTROS**
- 8. COMO SE TRABALLA COS NEN@S O COÑECEMENTO DO CONTORNO SOCIAL E NATURAL.**

¹ Ver pag 1 e 2 Situación xeográfica

B) SINAIS DE IDENTIDADE

B.1.) DEFINIÇÃO DA ESCOLA

- 1. CONFESIONALIDADE DA ESCOLA SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE**
- 2. LINGUA DE APRENDIZAXE SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE.**
- 3. LIÑA METODOLÓXICA.**
- 4. COEDUCACIÓN: A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE.**
- 5. COLABORACIÓN COS NAIS/PAIS E NAIS.**

C.) OBXECTIVOS.

C.1.) OBXECTIVOS DO CENTRO A NIVEL:

- 1. PEDAGÓXICO**
- 2. ADMINISTRATIVO.**
- 3. ORGANIZATIVO.**
- 4. INSTITUCIONAL.**
- 5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

D) ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

D.1.) ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS.

- 1. ORGANOS UNIPERSONAIS E COLEXIADOS.**
- 2. ASIGNACIÓN DE EDUCADORAS AOS GRUPOS.**
- 3. NÚMERO DE EDUCADORAS POR GRUPO.**
- 4. A DIMENSIÓN DO GRUPO.**
- 5. A COMPOSICIÓN DO GRUPO.**
- 6. A TITORÍA NA ESCOLA INFANTIL.**
- 7. A UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS ESCOLARES.**
- 8. O EQUIPAMENTO E OS RECURSOS DIDÁCTICOS**

A) ANÁLISE DO CONTEXTO.

A.1.) CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

1. TITULARIDADE E FINANCIAMENTO.

A Escola Infantil Municipal A Madalena é de titularidade municipal e está xestionada polo Concello de Ames.

Está subvencionada polo propio concello e, ao mesmo tempo, recibe unha subvención para o mantemento da Xunta de Galicia, ademais das cotas mensuais achegadas polas das familias.

Ten unha misión educativa e entendemos todos os tempos de permanencia no centro como tempos educativos, consonte ao principio de globalización da ensinanza en educación infantil.

As tarifas aplicables na escola infantil son as que aparecen na ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo das escolas infantís municipais do Concello de Ames e as que marca o Decreto 49/2012 do 19 xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís.

2. NIVEIS EDUCATIVOS QUE ESCOLARIZA: NUMERO DE UNIDADES

1º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL : Contamos con 6 unidades distribuídas do seguinte xeito: 1 unidade de 0-1 anos, 2 unidades de 1-2 anos , 3 unidades de 2-3 anos.

3. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

ENCADRAMENTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO.

O Concello de Ames está relacionado coa Maía, comarca habitada pola tribo celta dos Amaeos. Máis tarde, aparece co nome de Amaea como territorio e xurisdición que, no século XII, tiña categoría de arciprestado dependente da sé compostelá.


Pertencíanlle as parroquias de Brión, Ames e Covas.

A historia da Maía está ligada ao Condado de Altamira que ostentaba a poderosa familia Lope de Moscoso.

Esta comarca natural linda, polo sur, coas terras de Santiago; o curso do río Tambre sepáraa do Val do Dubra e do da Barcala, polo norte; a terra da Barbanza péchaa polo oeste e Veiga de Padrón, pola zona meridional. A comarca da Maía ocupa unha superficie de 154,7 km². O Concello de Ames, cunha superficie de 80,9 km², está situado ao oeste de Galicia e ao sur da provincia da Coruña da que forma parte administrativamente. Limita polo norte cos concellos de Val do Dubra e de Santiago de Compostela; polo leste, co de Santiago; polo sur, cos de Teo e Brión e, polo oeste, cos de Brión, Negreira e a Baña.

A súa situación xeográfica é: Latitude: 4 graos, 50 minutos, 7 segundos oeste, lonxitude: 42 graos, 54 minutos, 20 segundos norte, altitude: 130 m.

A capitalidade do concello correspóndelle a Bertamiráns, e a poboación aséntase fundamentalmente nos núcleos urbanos de Bertamiráns e do Milladoiro, nos núcleos rurais do val de Augapesada e nas parroquias de Bugallido, Biduído e Ortoño. O Milladoiro sitúase xusto a entrada do Concello de Ames, vindo de Santiago de Compostela. Neste núcleo é onde se atopa a Escola Infantil Municipal A Madalena. O seu enderezo é o seguinte: rúa da Madalena, nº 16. O Concello de Ames conta cunha poboación de 32.575 habitantes. Isto supón a densidade de habitantes por km² máis alta



dos concellos limítrofes, a excepción de Santiago. A densidade de poboación de Ames é bastante superior á comarcal, á provincial á e autonómica. Esta relativamente alta densidade de poboación é un dos trazos invariables da demografía do concello ao longo de todo o presente século.

O territorio municipal de Ames abrangue once parroquias (Agrón, Ameixenda, Ames, Biduído, Bugallido, Covas, Lens, Ortoño, Piñeiro, Tapia e Trasmonte) e 116 núcleos de poboación. A superficie destas parroquias é moi variable. A máis grande é a de Ames con 16,30 Km² e a máis pequena a de Lens con 3,04 Km². O resto das parroquias, aínda que de tamaño dispar, achéganse bastante á media municipal que é de 6,75 Km².

4. DESCRICIÓN BREVE DAS INSTALACIÓNS.

RECURSOS ESPACIAIS .

ZONA INTERIOR:	VESTÍBULO- RECEPCIÓN	
	ZONA ADMINISTRATIVA	DIRECCIÓN /ADMINISTRACIÓN
	ZONA ACTIVIDADES:	SEIS AULAS UNHA SALA DE DESCANSO UNHA SALA DE USOS MÚLTIPLES/ ADAPTADA PARA EMPREGAR COMO COMEDOR. CINCO SALAS DE ASEO INFANTÍS
	ZONA DE SERVIZOS	CATRO SALAS DE ASEO ADULTO DOUS VESTIARIOS UNHA COCIÑA COMEDOR UN ALMACÉN COMIDA UN ALMACÉN LIMPEZA UN APARCADOIRO DE CARRIÑOS*
ZONA EXTERIOR:	ZONA VERDE ZONA DE XOGOS EDUCATIVOS TERREO ACTIVIDADE LIBRE HORTO	

*Mentres está vixente o protocolo COVID-19 preferiblemente os carros levaranse para a casa. No caso de que alguén teña que deixalos estes quedarán totalmente pregados xa que non se poderá acceder á escola e será o persoal de servizos quen os coloquen na zona de carriños.

5. SERVIZOS QUE OFRECE.

- ◆ A Escola Infantil Municipal A Madalena prestará servizo durante o curso 2021-2022, de setembro a xuño, ambos os dous incluídos, de luns a venres en horario de 7:30 da mañá a 19:30h. da tarde.
- ◆ Durante este curso, atendendo ao protocolo COVID, estableceranse horarios graduados de entrada e saída, pregarase puntualidade ás familias e o cumprimento estrito dos horarios previamente acordados.
- ◆ Nos meses de xullo e agosto, a escola poderá ter horario reducido que se establecerá de acordo con nais/pais e titores/as dos usuarios/as.

- ◆ O tempo máximo de permanencia na Escola Infantil Municipal será de 8 horas, agás casos excepcionais debidamente xustificados.

Haberá servizo de:

ALMORZO	ATA AS 09:00 (DEBERÁN TRAELO DA CASA)
XANTAR	BEBES A DEMANDA (DE 12:00-14:00) 1ª QUENDA: 12:00h (1-2 ANOS) 2ª QUENDA: 12:45h (2-3 ANOS)
MERENDA	BEBES A DEMANDA (DE 16:00-18:00) 1ª QUENDA: 16:00h (2-3 ANOS) 2ª QUENDA: 16:45h (2-3 ANOS)

* No protocolo elaborado para a escola da Madalena establécense as quendas e horarios especiais para este curso, así como a organización e localización dos comedores.

- ◆ Os nenos/as que utilicen o servizo de comedor ou merenda deberán estar na escola media hora antes da hora asignada para cada comida ou merenda.
- ◆ O menú de cada xornada estará exposto no taboleiro de anuncios cun prazo dunha semana de antelación, así como na páxina web do Concello de Ames.
- ◆ Poderán usar o comedor eventualmente os nenos/as que así o precisen, pagando a cota establecida por días soltos.
- ◆ Cando os usuarios/as fixos de comedor non utilizasen o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 9:00 da mañá. Se non se avisa, pagará o custo da comida dese día coma se fose un usuario ocasional.
- ◆ Os xoves celebraranse os aniversarios dos nenos/as que fagan anos nesa semana. As familias non traerán nada da casa.
- ◆ Necesidade dunha colaboración coa familia. A relación e colaboración escola-familia, punto clave ao longo de toda a escolarización, adquire un valor esencial e fundamental, sobre todo, durante os tres primeiros anos. Familia e escola deben de actuar ao unísono para satisfacer as necesidades que expresa e manifesta o pequeno/a, e ir introducindo e potenciando o desenvolvemento da adquisición de hábitos cara á progresiva autonomía persoal.
- ◆ Coordinación coas demais etapas educativas. Aínda que a educación infantil se considera unha etapa con entidade propia na que se definen uns obxectivos, contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais) e unhas liñas xerais de metodoloxía para o proceso de ensino aprendizaxe, non debemos esquecer a coordinación necesaria entre esta e as demais etapas, así como entre os dous ciclos que a forman. Esta coordinación terá como obxectivo detectar e concretar as necesidades e/ou dificultades existentes na rede de aprendizaxe de cada un dos alumnos/as co fin de podelos traballar (dende unha visión totalmente individualizada) nos sucesivos niveis educativos.
- ◆ Función social e función educativa. A educación infantil desenvólvese, paralelamente, desde unha función social de axuda ao medio familiar e desde unha función educativa, co fin de desenvolver ao máximo as capacidades dos alumnos/as (a partir dos obxectivos e contidos propios desta etapa).

6. PROXECCIÓN SOCIAL DO CENTRO NA ZONA.

O centro relaciona todas as actividades que propón o Concello para levalas a cabo con obxectivos específicos adaptados á idade do noso alumnado. Estas actividades poden ser: celebración do magosto, celebración do Samaín, celebración do entroido,

celebración do día das letras galegas, celebración de diferentes festivais (Nadal, fin de curso...).

Estas celebracións, aínda que se realizan nas instalacións da escola, normalmente serán de portas abertas para toda a cidadanía e podería asistir calquera persoa que queira pasar un bo momento connosco, este curso teranse en conta as medidas sanitarias en cada momento e organizaranse estas actividades en función de cada momento e atendendo sempre ao protocolo COVID-19.

Con motivo da celebración do día nacional da celiacuía, sérvese en todos os centros un menú exclusivo para persoas celíacas.

7. RELACIÓN COAS FAMILIAS.

Dado que os nenos e as nenas pasan a maioría das horas do día entre a familia e a escola infantil, é moi importante que exista unha relación fluída entre ambas as dúas partes. Esa relación establécese da seguinte maneira:

- **Reunión informativa.** Nesta primeira reunión, os pais e nais teñen o primeiro contacto coa escola infantil. O funcionamento da escola, a liña pedagóxica, os aspectos prácticos diarios, e as normas de convivencia explicaranse en reunións por aula, estas realizaranse no patio exterior, gardando as medidas de seguridade do protocolo COVID-19
- **Entrevista personalizada:** Co propósito de que sexa o máis individualizada posible farémola familia a familia, previa cita, e faránse no exterior seguindo o protocolo COVID-19. Tamén confeccionaremos un cuestionario no que quedarán os datos máis específicos que normalmente manipularán as educadoras ao longo do curso.
- **Comunicación diaria.** A primeira comunicación prodúcese cando o pai/nai deixa o neno e nena na escola e informa á persoa que o colle sobre as incidencias que poidan interesarlle á educadora. Nós faremos o mesmo ao entregarmos o neno/nena ao pai ou á nai. Faise case necesaria unha comunicación por escrito que se leva a cabo a través dunha aplicación informática (TokApp School), onde tanto as persoas que están co neno no centro coma as familias anotamos as observacións que consideramos máis importantes en relación ao alumnado (comidas, cambios de cueiros, sono...)
- **Libro viaxeiro.** Os nenos e as nenas de 0-1 ano dispoñen de cadan seu libro viaxeiro, onde, tanto as familias coma o persoal docente, escribimos cales foron as súas primeira verbas, os seus primeiros trazos, os primeiros aniversarios... Todo isto acompañado de fotos dos momentos máis importantes da vida do neno/nena. Dada a situación actual, todas as fotos e fichas deste libro gardarán cuarentena cando volvan da casa durante polo menos 72h
- **Caixa de correo para as familias.** Colocamos unha caixa de correo onde as familias poden deixar as suxestións e actividades que se poidan levar a cabo na escola infantil. A comisión educativa estudaraas e levaraas a cabo cando considere conveniente.
- **Tableiro.** Nel colócase información sobre os nenos e as nenas e péganse artigos de revistas, xornais... que poidan resultar de interese para nais/pais e/ou educadores/as.
- **Comunicación por medio de envíos a través da aplicación móbil TokApp School** a todos os pais e nais das decisións tomadas sobre o funcionamento do centro. Estas mesmas comunicacións envíanse á ANPA.

8. DESCRIPCIÓN BREVE DOS RECURSOS E MATERIAIS

RECURSOS MATERIAIS	MATERIAL DIDÁCTICO	MATERIAL PARA GRANDES ESPAZOS EXTERIORES E INTERIORES PANEIS DE DOCUMENTACIÓN E EXPOSITORES MATERIAL DE AULA MATERIAL DE REFUGALLO MATERIAL INFORMÁTICO E AUDIOVISUAL
--------------------	--------------------	---

	MATERIAIS CURRICULARES	D.C.B. PXA PEC PROGRAMACIÓNS
	EQUIPAMENTO	MOBILIARIO MATERIAL COCIÑA CAIXA DE URXENCIAS
RECURSOS HUMANOS:	PERSOAL DOCENTE PERSOAL DE SERVIZOS PERSOAL DE COCIÑA PERSOAL ADMINISTRATIVO	COLABORACIÓN DOS PAIS E NAIS. COLABORACIÓN CIDADÁ. PERSOAL DE MANTEMENTO DO CONCELLO.

9. HORARIO DO CENTRO.

A EIM A Madalena, prestarán os seus servizos, de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos, de luns a venres en horario de 7:30 da mañá a 20:00 da tarde.

O horario de peche da escola, previo informe da dirección, e unha vez revisados os horarios que os usuarios/as estableceron nas matrículas, reducirase cando a ratio dos nenos/as no centro sexa inferior a un 5 % da matrícula no curso correspondente. Durante o curso 2021/2022 o horario de peche será ás 19:30, por non existir demanda ata ás 20:00.

No mes de Novembro farase unha revisión do horario de asistencia dos nenos/as por parte do persoal dos centros. No caso de observar incumprimento do mesmo a dirección da escola solicitará ás familias o cumprimento do horario estipulado na matrícula. No caso dun incumprimento reiterado sen a debida xustificación a dirección, previa comunicación á Concellería de Educación, reducirán de oficio o horario solicitado pola familia, polo horario no que o/a neno/a permaneza habitualmente no centro.

Nos meses de verán as Escolas prestarán servizos de luns a venres en horario de:

- Xullo de 7:30 a 18:00 (Ou inferior segundo as demandas dos usuarios)
- Agosto de 7:30 a 18:00 (Ou inferior segundo as demandas dos usuarios)

- Serán festivos das escolas os establecidos no calendario laboral polo Estado e a Comunidade Autónoma e os festivos locais que son os que aproba cada ano a corporación local e que estarán expostos no taboleiro de anuncios do centro. (Ascensión, luns de pascua)

- A escola pecha o 24 e o 31 de decembro.

- A escola pechará ás 14 horas os seguintes días: 5 de xaneiro e martes de antroido (que non sexa declarado festivo local). Os nenos e nenas tamén deberán ser recollidos ás 14:00 os días que se celebren os festivais na escola. (Nadal, Antroido e fin de curso). sempre que a situación sanitaria permita a celebración destes festivais.

O tempo máximo de permanencia nas escolas infantís municipais será de oito horas, agás casos excepcionais que serán debidamente xustificadas, polos cales se incrementará o importe segundo o establecido na ordenanza fiscal correspondente.

O almorzo será ata as **9:00 h** (deberán traelo da casa). Ver cadro protocolo.

O xantar faise en dúas quendas: a primeira ás **12:00h** e a segunda ás **12:45 h** O horario das merendas será tamén dobre: ás **16:00 h** a primeira quenda ás **16:45 h** a segunda quenda.

Nos meses de xullo e agosto, sempre segundo a demanda do servizo, podería haber unha única quenda de comedor e merenda ás 12:30 e ás 16:30 respectivamente.

10. HORARIOS DO PERSOAL DOCENTE.

DIRECTORA PEDAGÓXICA	SANDRA DIOS 9:30-16:30		
GRUPO 0-1	LOLI VIAÑO 7:30-14:30	MARTA MOSQUERA 9:00-14:00//16:00-18:00	VANESA PARENTE 12:30-19:30
GRUPO 1-2	CRISTINA LAREO 8:00-15:00 MARÍA MONTESERÍN 9:00-16:00	ROCÍO PITEIRA 9:30-14:00//16:00-18:30 SUSANA VARELA 9:30-13:30//15:00-18:00	MILA VARELA 12:30-19:30
GRUPO 2-3	MARÍA TATO 7:30-14:30 LAURA RIAL 9:00-16:00 LUCÍA ADRÁN 9:00-16:00 MARÍA IGLESIAS 10:00-17:00	MÓNICA GARCÍA 10:00-14:00//15:00-16:15 (REDUC XORNADA) ARACELI RICO 8:30-14:00//16:30-17:30	ANA ROSA SANTOS 12:30-19:30

11. HORARIOS DO PERSOAL NON DOCENTE:

ADMINISTRATIVA:	ISABEL SUÁREZ: 9:00-16:00 (luns e mércores)
PERSOAL DE COCIÑA.	MARI IGLESIAS: 9:00- 16:00 (SEMANAS ALTERNAS) TERESA OTERO: 10:00-17:00 (SEMANAS ALTERNAS)
PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS:	ELENA SEOANE 9:30 – 14:30 (REDC XORNADA) VICTORIA REDONDO: 7:30-12:30- 16:00-18:00 TERE SEBE 12:30-19:30 ENCARNA VARELA: 18:00-19:30

A.2.) CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

1 . Nº DE ALUMNOS/AS, IDADES E AGRUPAMENTOS.

Nº DE PRAZAS DE TEMPO COMPLETO CURSO 2021/2022: 80

Nº DE ALUMNOS/AS DISTRIBUÍDOS EN DIFERENTES HORARIOS:

- ◆ Unha unidade de 0-1 anos: 8 prazas a tempo completo (7 nenos e nenas distribuídos en diferentes horarios + unha plaza de emerxencia social): alumnado nacido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2021
- ◆ Duas unidades de 1-2 anos: 26 prazas a tempo completo. 27 nenos e nenas distribuídos en diferentes horarios) : alumnado nacido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2020. Duas prazas reservadas a emerxencia solcial.
- ◆ Tres unidades de 2-3 anos: 60 prazas a tempo completo (distribuídos en diferentes horarios) alumnado nacido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2019. Duas prazas reservada a emerxencia solcial. 47 alumnos e alumnas matriculados en setembro de 2021
- ◆ Haberá alumnos/as a media xornada, co cal o número aumentarase, sen pasar da ratio establecida segundo os diferentes grupos de idades.

2. CARACTERÍSTICAS DAS FAMILIAS .

Predominan as familias con un ou dous fillos/as e o seu nivel económico é medio. Dous nenos e nenas procedentes de familias inmigrantes. Os nenos e nenas pertencentes a familias numerosas son dúas e tres proceden de familias monoparentais.

Trátase de familias moi implicadas coa tarefa educativa do centro, relación que se consolidou co nacemento da ANPA, algo pouco usual en escolas infantís de primeiro ciclo.

Participan activamente en diferentes actividades propostas polo centro, así como na organización dunha excursión anual fora de horario lectivo á que asiste tamén o persoal do centro.

TIPO DE FAMILIA	MONOPARENTAL	NUMEROSA	1-2 FILLOS/AS	EXTRANXEIROS
NÚMERO	4	5	75	

3. TIPO DE RELACIÓNS ENTRE O ALUMNADO.

Teremos en conta o compoñente afectivo como principal motor da relación e da actividade nestas idades, observaremos as interaccións que o alumnado sostén cos seus compañeiros/as e as preferencias de amizade que cada criatura manifesta.

En todo caso, a observación a estes dous niveis achegará unha valiosa información para conformar grupos de afinidade, complementación... e tamén servirá de axuda na resolución de posibles situacións de conflito, emocionais ou afectivas.

Non podemos esquecer que se trata dun centro de educación infantil de primeiro ciclo e nestas primeiras idades os nenos e nenas actúan dun xeito egocéntrico. As relacións sociais como tal comezan a partir dos dous anos aproximadamente.

Sempre respectando o protocolo da Covid -19

4. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS: COMO SE INTEGRAN, APOIOS COS QUE SE CONTA.

Pretendemos que a nosa escola responda ás necesidades educativas de todos os nenos e nenas sexa cal sexa o seu grao de singularidade. Non se trata de esixirles o mesmo rendemento a todos, senón que, a través da atención personalizada, cada alumno/a acade o nivel académico óptimo de desenvolvemento das súas potencialidades.

Entendemos por alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aquel que presenta dificultades maiores que o resto dos seus compañeiros para acceder ás aprendizaxes que se determinan no currículo que lle corresponde pola súa idade, e necesita axudas pedagóxicas para compensar estas dificultades.

Cómpre dicir que o alumnado con sobredotación e o alumnado procedente do estranxeiro con outra lingua tamén pode presentar necesidades específicas de apoio educativo. Chamamos integración ao proceso mediante o cal se facilita que o neno participe no grupo con todos os seus dereitos e na medida das súas posibilidades. Cando se nos presenta un caso de integración, solicitamos dos pais e nais un informe médico

no que consten as súas particularidades, o estado do seu desenvolvemento en xeral e a posibilidade de progreso en todos os niveis ou os obxectivos que pode conseguir a curto ou a medio prazo.

Detección de dificultades no desenvolvemento.

Convén que o persoal que se fai cargo dun grupo de nenos e nenas observe o grupo en

xeral, e vixie aqueles que despuntan, examinando os seus progresos e, se o estima necesario, pedindo a opinión dun especialista.

Signos de alarma.

Consideramos signos de alarma cando un alumno presenta as seguintes características:

- **Aos 3 meses** non sorrí.
- **Aos 6 meses** non é capaz de fixar a ollada, non sostén ben a cabeza, non intenta coller os obxectos que ten ao alcance da man ou non utiliza algunha das dúas mans.
- **Ao redor dos 9 meses** non se mantén sentado.
- **Contra os 9 meses** non se interesa por mirar ou por tocar as cousas...
- **Aos 9 meses** non presenta signos de relación social cos seus pais ou coa educadora.
- **Contra os 12 meses** non busca a comunicación co adulto ou non explora xoguetes ou obxectos novos.
- **Entre os 12 e os 14 meses** non presenta unha parrafeo espontáneo nin a aparente comprensión de palabras e ordes sinxelas.
- **Aos 14 meses** non é capaz de manterse dereito collido a un moble.
- **Aos 18 meses** non camiña.
- **Aos 24 meses** non comezou a pronunciar as súas propias palabras.
- **Aos 3 anos** non deixou o negativismo e os retos á autoridade, non mostra ningún interese polos compañeiros da súa idade, non é capaz de mandar e obedecer de xeito eficaz, non comprende o que lle dicimos e non é capaz de producir un ritmo de 15 palabras ou de formar unha frase sinxela. Aínda non corre ou non salta ou ningunha das dúas cousas.

¿Como actuar? Ás veces non cómpre ser especialista para decatarse dos problemas dun neno/nena, pero pode ser necesario consultar un especialista no tema para asegurármonos da existencia dun posible trastorno ou dun atraso e de como actuar en consecuencia.

Para atender as NEE que pode presentar un neno/nena na nosa escola infantil, baseámonos no Decreto 69/1998 do 26 de febreiro polo que se regula a atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo as pautas que nos proporciona o Equipo de Atención Temperá do Complexo hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

- Se o persoal docente ve o problema ou cre detectalo, sería ben falar co especialista.
- Falaremos coas familias de maneira sinxela e tranquilizadora.
- Se o problema existe, o especialista decidirá onde hai que actuar: familias, centro...
- A metodoloxía que levamos a cabo queda establecida de maneira conxunta co especialista.

5. PROCEDIMENTOS DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

COMUNICACIÓN A TRAVÉS DA ANPA. Reunións periódicas coa dirección.

Comunicación periódica por medio de cartas, de todas as actividades que se realizan no centro. Comunicación verbal diaria. Taboleiro de anuncios específico da ANPA. Habitualmente as comunicacións son as anteriormente sinaladas durante este ano procuraáse realizar as comunicacións de xeito telemático a través da TokApp

COMUNICACIÓN DIRECTA ESCOLA -NAIS/PAIS.

- **REUNIÓN DE PRINCIPIO DE CURSO.** No mes de xuño, despois do proceso de matriculación, haberá unha reunión cos pais/nais ou representantes legais dos nenos e nenas aceptados/as no centro, onde lles explicaremos todo o que se considere de interese para eles.

Amosáremolles as instalacións da escola

Daráselles unha lista cos materiais que fan falla tanto educativos como hixiénicos.

Normas de convivencia.

- ENTREVISTA DE AVALIACIÓN INICIAL (Ver anexo 1).
- COMUNICACIÓN DIARIA POR MEDIO DA PLATAFORMA TOKAPP SCHOOL
- TABOLEIRO DE ANUNCIOS. Nel colócase información sobre actividades e datos de interese para as familias (menús diarios, informacions de peche en festivos, artigos de revistas, xornais... que poidan resultar de interese para pais/nais e/ou educadores) Información de actividades do concello.Titorías, horarios e tarifas do centro.
- COMUNICACIÓN POR MEDIO DE CIRCULARES. (via tokapp)
- COMUNICACIÓN DIRECTA E DIARIA COAS EDUCADORAS.(nas entradas e saídas e via tokapp)
- BOLETINS DE AVALIACIÓN TRIMESTRAIS.

A.3).CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL QUE TRABALLA NO CENTRO.

1. NÚMERO E FUNCIÓNS (ver funcións anexo 2)

- 1 DIRECTORA PEDAGÓXICA
- 3 MESTRAS
- 12 EDUCADORES/AS
- 4 SERVIZOS XERAIS
- 1 AUXILIAR DE COCIÑA
- 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO

2. FORMACIÓN. (Ver anexo 3)

3 .FORMA DE TRABALLAR (EN EQUIPO OU INDIVIDUALMENTE)

Na actualidade, entendemos que non existe un método único de intervención do mesmo xeito que non existe un único método de investigación. Pola contra, sostemos que a metodoloxía ten que adaptarse ao alumnado, ao contexto e á materia. Por este motivo adoptamos un criterio plurimetodolóxico.

Os principios de intervención educativa derívanse tanto de fundamentos científicos como de presupostos ideolóxicos ou de coñecementos funcionais concibidos na práctica docente: aprendizaxe significativa, globalización, principio de actividade, o xogo, aspectos afectivos e de relación, organización espacial, temporal e material, coordinación entre o profesorado e a familia.

A calidade da tarefa docente depende en boa medida das relacións existentes dentro de distintos niveis e persoas que traballan no centro. É primordial que exista coordinación en todos os sentidos, por iso consideramos esencial o traballo en equipo. Do mesmo xeito pretendemos levar a cabo unha programación e unha avaliación para que todos os implicados vexan reflectidas as distintas concepcións e teñan claro o seu papel así como o dos demais, en todas as actividades que se vaian realizando.

Este xeito de traballar enriquecenos a todos/as, e proporciona unha visión máis obxectiva do traballo, aumenta as nosas posibilidades como titores e como equipo reflectíndose positivamente no funcionamento do centro. O feito de sentírmonos realizados/as co traballo que desenvolvemos diariamente fai que a estancia no centro sexa máis gratificante e que, polo tanto, a calidade do noso traballo aumente considerablemente.

Se existe un proxecto conxunto e un traballo conxunto, débese chegar a unha avaliación conxunta de todo o equipo, onde consideramos o que debemos avaliar:

- Coordinación entre o equipo humano.

· Se o equipo funcionou de maneira acorde ao formulado, de cara á comunidade educativa.

4. DISTRIBUCIÓN DAS TAREFAS

DISTRIBUCIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS

Común: anotar comidas, merendas e sestas. Limpezas urxentes (pis, vómito...)

<p>7:30 A 14:30</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ao entrar botar desinfectante nas alfombras - Abrir persianas e ventanas e portal patio vello. - Poñer ou quitar lavadora e secadora - Colocar os baños. - Preparar almorzos. - Abrir porta, e desinfectar sillas, porta e timbre de cada vez que entre alguén - Avisar as profes e cubrilas si estan solas na aula - Repoñar vasos, auga,.... - Preparar froita da mañá e repartila nas clases. - Colocar dormitorio de 1-2 - Montar comedores, servir comidas e desinfectar mesas sillas e chan ao acabar (comedor de 1-2 e 2-3 A) -Limpar xoguetes de 2-3 A e de 2-3 B. -Sacar sábanas e poñelas. -Cubrir lista dos nenos que comeron
<p>12:30-19:30</p>	<p>Atende a porta Atende as merendas Recolle todas as papeleiras, contedores, e coloca bolsas (aulas, cociña e baños). Saca as toallas sucias e pon a lavadora e a secadora. Limpa as mesas da planta baixa diariamente e unha vez a semana os estantes. Revisa que todo quede pechado ao marchar (portas e gas), tamén revisa que as aulas estean recollidas para poder fregar. Lava xoguetes das clases??</p>
<p>9:00 a 14:00 / 16:00 a 18:00</p>	<p>Abre a porta zona nova Prepara colchóns e berces para durmir. Pon as mesas do comedor. Axuda en comidas e merendas. Limpa as mesas e estantes das aulas de arriba. Deixa posta a lavadora antes de marchar e, se pode,tamén a secadora. Revisa os colectores e papeleiras por se están cheos. Encárgase de pasar o ferro (pola mañá) Os venres saca as fundas que están sucias e pon a lavadora (hamacas, cadeiras de brazo...) Lava os xoguetes todos os días</p>

DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL EDUCATIVO :

7,30 A 9,00: SERVIZO DE RECOLLIDA E ALMORZOS	Ás 8:00 repártense os nenos 0-1 na súa aula, os de 1-2 para a súa e os de 2-3 tamén para a súa. A persoa de servizos abre a porta e prepara almorzos.
9,30 A 12,00: TRABALLO NA AULA	Os nenos/as a esa hora están nas súas respectivas aulas para realizar os traballos programados en cada unha das idades.
12,00 A 16,00: COMEDOR, SESTA E XOGO LIBRE	Comidas: Medianos: ás 12:00 (1-2 A comedor pequeno, 1-2 b comedor grande, 1-2 c aula) 2-3 comen ás 12:45 (2-3 a comedor pequeno, 2-3 b comedor grande)
16,00 A 19,00: MERENDAS, TRABALLO NA AULA E XOGO	Medianos, ás 16:00 (1-2 A comedor pequeno, 1-2 b e c comedor grande separados) Maiores 16:45: ás (2-3 a comedor pequeno-2-3 b comedor grande) Despois da merenda cada un na súa aula
19:00 – 19:30	Xogo e reagrupamento de aulas. Respectando os grupos e separando bebés, 1-2 e 2-3.

Un día na escola infantil repártese do seguinte xeito: (Ver anexo 4)

5. MECANISMOS DE INFORMACIÓN ENTRE O PERSOAL.

- ◆ Reunións periódicas trimestrais entre todo o persoal da escola.
- ◆ Reunións da dirección coas mestras de cada nivel segundo as necesidades organizativas.
- ◆ Reunións do equipo docente segundo necesidades organizativas.
- ◆ Reunións mensuais por grupos de idade.
- ◆ Comunicación a través de anuncios en taboleiros.
- ◆ Comunicación verbal diaria.
- ◆ Estas reunións adaptaranse ao protocolo COVID-19

6. CRITERIOS QUE SE SEGUEN PARA A DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO.

Unha unidade de 0-1 anos (nenos e nenas distribuídos en diferentes horarios): Os nenos/as desta idade permaneceran todos xuntos nun mesmo grupo, na mesma aula. Nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

Tres unidades de 1-2 anos: Os nenos e nenas desta idade están distribuídos en dúas aulas seguindo o criterio da data de nacemento. Nun grupo podemos atopar os nenos nados no primeiro cuatrimestre do ano aproximadamente no outro os do segundo cuatrimestre do ano e no outro os do terceiro cuatrimestre do ano aproximadamente. Eliximos este criterio de agrupamento porque atopamos moitas diferenzas madurativas entre os nenos/as nados nos primeiros meses do ano e os nados nos últimos do mesmo. 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020

Duas unidades de 2-3 anos: Nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

Organízanse por horarios co fin de poder manter os grupos burbulla que nos require o protocolo COVID.

A.4). CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO.

1. LOCALIZACIÓN²

2. CARACTERÍSTICAS SOCIOCULTURAI E ECONÓMICAS.

Nestes núcleos rurais dáse un tipo de asentamento que reflicte fielmente a mocidade e o dinamismo da poboación de Ames. Nesta zona comezan a aparecer, cada vez máis, urbanizacións de vivendas unifamiliares dirixidas a un tipo de poboación non oriúnda do concello que traballa principalmente en Santiago e que busca contacto coa natureza. Esta poboación é a que lle dá forza demográfica ao Concello de Ames dentro do conxunto de concellos limítrofes e a que fai contemplar con amplas perspectivas o futuro poboacional deste concello. O seu crecemento vexetativo é moderado aínda que positivo, grazas á chegada da poboación emigrante.

A pirámide da poboación mostra o seu brazo máis ancho nas idades comprendidas entre os 30 e os 39 anos, seguida polas franxas de idades de 40 a 49 anos. A súa base é moitísimo máis ancha que o seu pico

Nos últimos anos, o Concello de Ames experimentou unha gran transformación económica. O feito de que unha boa parte do concello se fora convertendo en zona residencial dun gran número de habitantes procedentes, na súa maioría, de Santiago provocou un aumento considerable de establecementos comerciais e industriais. Así, o sector primario, que anteriormente constituía a base da súa economía a través da agricultura e a gandería, perdeu peso e ocupou protagonismo o sector servizos, a construción e as novas industrias.

4. LINGUA EMPREGADA.

As linguas oficiais no concello de Ames son o galego e o castelán, esta última cunha maior incidencia nos últimos anos debido á chegada masiva de inmigrantes suramericanos. Con todo isto, dende o concello estanse a levar a cabo programas para a normalización do uso do galego sobre todo cara á integración de todas as persoas inmigrantes.

As escolas infantís son un ámbito básico cara o que dirixir os esforzos normalizadores.

Conseguir que os nenos e nenas galegos/as expresen o seu enxeño, desenvolvan a súa sensibilidade, manifesten as súas capacidades sensoriais en galego debe ser un obxectivo irrenunciable de todos os axentes sociais que realizan actividades pensadas para eles. Cómpre traballar para que os cativos e as cativas exerzan o dereito fundamental de apropiarse do mundo na lingua de seu e de aprender sen os prexuízos que derivan do conflito lingüístico.

5. SERVIZOS QUE NOS OFRECEN PARA OS NENOS E NENAS

Os nenos e as nenas que asisten á Escola Infantil Municipal A Madalena, o mesmo que as súas familias teñen á súa disposición unha serie de servizos públicos dos cales se poden beneficiar.

Entre outros estarían:

Sanidade: Existen dous centros de saúde situados nos lugares do Milladoiro e de Bertamiráns. Nestes centros os nenos e as nenas poden atopar un punto de lectura do programa “Espera lendo”.

Instalacións recreativas, deportivas e culturais

Praia fluvial de Tapia. Pavillón municipal de deportes de Bertamiráns. Zonas de recreo e parques infantís distribuídos por todas as parroquias do concello. Centro sociocultural de Bertamiráns. Centro sociocultural do Milladoiro. Pavillón municipal de deportes do Milladoiro. Piscinas Municipais no Milladoiro e en Bertamiráns (cubertas e descubertas).

² Ver pax 1 e 2 situación xeográfica

Biblioteca Municipal do Milladoiro. Biblioteca Municipal de Bertamiráns.

Centros de ensino

Escolas unitarias de educación infantil repartidas por todo o concello.

Cinco colexios públicos de educación infantil e primaria e dous institutos.

Dúas escolas infantís municipais

Dúas escolas infantís da rede da Galiña azul

EEl O Milladoiro (2º ciclo de educación infantil)

Actividades de carácter lúdico.

Setembro lúdico. Samaín. Nadal lúdico. Entroido. Primavera lúdica. Xuño lúdico Escola de verán (xullo e agosto). Bibliopiscinas. Bos días cole. Tardes divertidas. Diversas actividades teatrais e de monicreques ao longo do ano. Campamentos de verán e outras excursións.

6. RELACIÓNS QUE MANTÉN A ESCOLA COS RECURSOS DO CONTORNO.

Contacto directo co Servizo de Normalización lingüística do concello para coorganizar actividades de dinamización lingüística, para corrixir todos os documentos do centro e resolver posibles dúbidas con respecto ao uso da lingua galega.

Aproveitamento dos recursos do contorno para as diferentes saídas didácticas, co fin de establecer relacións con outras institucións de ámbito educativo, cultural e administrativo para a integración do centro no contorno e para a mellora da calidade do ensino (saídas a correos, concellos, granxas, casas da cultura...) Festivais de Nadal e fin de curso. Festas na escola infantil: entroido e fin de curso.

*Adaptaranse segundo o protocolo COVID-19, e si non é posible este ano non se realizarán saídas. Valorarase en cada momento segundo a evolución da crise sanitaria.

7. RELACIÓN CON OUTROS CENTROS

Existe unha relación directa e continuada coa outra escola pertencente ao Concello, E.I.M. O Bosque, en Bertamiráns. Esta relación levase a cabo mediante reunións periódicas das dúas directoras pedagóxicas coa persoa responsable da área municipal de educación, co fin de unificar criterios de actuación. Ademais a nivel organizativo tamén se levan a cabo reunións entre ambas as dúas directoras.

Existe tamén unha relación coa dirección da EEI O Milladoiro informando aos/ás usuarios/as do período de preinscrición.

OBXECTIVO

- ◆ Intercambiar información.

8. COMO SE TRABALLA COS NENOS E NENAS O COÑECEMENTO DO CONTORNO SOCIAL E NATURAL

Nos diferentes documentos do centro destácanse diferentes obxectivos que fan referencia ao coñecemento do contorno social e natural. Estes obxectivos son:

- ◆ Descubrir, coñecer e controlar o propio corpo, recoñecendo as partes básicas, identificando as súas características persoais e axustando as súas respostas motrices ás necesidades lúdicas e relacionais.
- ◆ Observar e explorar o contorno inmediato, percibindo as principais características que o configuran e atribuíndo algún significado ás situación máis cotiás.
- ◆ Participar activamente nos festexos que se celebran no seu entorno, gozando coas propostas lúdicas que lle fai o adulto e aproveitándoas como canle para dar saída ás súas preferencias, coñecementos e sentimentos.

B) SINAIS DE IDENTIDADE

B.1.) DEFINICIÓN DA ESCOLA

CONFESIONALIDADE DA ESCOLA SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE:

No noso proxecto educativo explicitamos os valores constitucionalmente recoñecidos na materia de educación como son a aconfesionalidade, a coeducación, a igualdade de oportunidades e os valores democráticos.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE AMBOS OS SEXOS: Entre os 2-3 anos, os nenos e as nenas identifícanse co seu grupo sexual. A identificación parte da observación e imitación de modelos externos, empezando pola súa familia. Nesta imitación gústalles reproducir accións e comportamentos propios da súa nai ou do seu pai. Se a esta idea lle engadimos a relación directa entre xogo e aprendizaxe, vemos a importancia de organizar na aula diferentes espazos de xogo (recunchos). Os recunchos favorecen a oportunidade de vivir distintos roles a partir da simbolización.

RESPECTO E TOLERANCIA : Propiciar a consideración do/a outro/a, neno/a ou adulto/a, admitindo os diferentes enfoques e opinións dentro dun clima de tolerancia, cordialidade e honestidade. Así mesmo, promover a valoración dos outros seres vivos, os obxectos e a nosa contorna natural.

RESPECTO Á DIVERSIDADE : Fomentar actitudes de respecto á “diferenza”, facilitando a aceptación de que as realidades individuais son diversas tanto dende o punto de vista cultural, social e económico como dende o propio individuo. O noso obxectivo é propiciar a igualdade de dereitos e obrigacións, a non discriminación do individuo, a aceptación das “diferenzas”, e o enriquecemento persoal que estas implican.

AUTONOMIA : Propiciar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas nos aspectos físicos, afectivos e intelectuais, facilitando os recursos que favorezan a toma de iniciativa persoal dentro do grupo e que permitan os procesos de introspección e coñecemento do mundo interno, para crear unha imaxe de si mesmo/a. Tratamos de crear os espazos que permitan o desenvolvemento individual harmónico e a inclusión e participación no grupo.

SOCIALIZACIÓN: Apreciar a función social da escola como primeiro ámbito de relación ampliado do neno/a onde terá a súa primeira experiencia social fóra do seu núcleo familiar polo que se debe facilitar os recursos que permitan ao neno/nena establecer as relacións sociais e afectivas, desenvolvendo actitudes de colaboración e apoio que propicien o respecto ás pautas e normas que determinan tanto o grupo de referencia como o grupo ampliado.

COLABORACIÓN : Transmitir o interese polo colectivo, polo grupo e a tarefa común, promovendo actitudes de cooperación e axuda de xeito que se facilite a participación, a comunicación e o compromiso de cada un dos individuos con un obxectivo común.

CREATIVIDADE: Fomentar a utilización dos recursos persoais para enfrontarse a diferentes situacións creando alternativas e buscando “novas formas de facer”, facilitando a investigación, o descubrimento e a creación de diferentes respostas.

ESPIRITU CRÍTICO: Fomentar a análise e reflexión sobre o contorno sociocultural, promovendo actitudes flexibles ante outros puntos de vista e de cambio de perspectiva ante a realidade. Facilitar a crítica construtiva que permita ao neno/nena modificar a súa actitude ante sucesos diferentes e coñecendo os seus propios límites, poder actuar activamente no medio que o rodea.

RESPONSABILIDADE: Propiciar actuacións en consecuencia cos propios principios e valores, respectando os que foron aceptados pola comunidade escolar de xeito que se facilite a iniciativa e a toma de decisións persoais. Se se promove a avaliación e a reflexión sobre o traballo propio e o traballo en grupo, favorecerase a adquisición dun compromiso individual e colectivo coa tarefa e cos individuos.

2. LINGUA DE APRENDIZAXE SEGUNDO A LEXISLACIÓN VIXENTE.

A lingua vehicular do centro será o galego, ademais baseándonos no decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na comunidade Autónoma de Galicia, trataremos que todos os nenos e nenas acaden o desenvolvemento das capacidades lingüísticas en ambas as dúas linguas oficiais de Galicia cara ao seu uso como vehículo de comunicación. Ademais no artigo 37 do R.R.I. sinalamos a promoción do uso da lingua galega.

3. LIÑA METODOLÓXICA.

Baseándonos no Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia temos en conta os seguintes criterios metodolóxicos.

Os criterios metodolóxicos fan referencia o modo de intervención que imos seguir na aula a fronte do grupo de alumnos e alumnas a hora de preparar e secuenciar a nosa actividade docente. Terase en conta a seguinte metodoloxía:

- ◆ A aprendizaxe sempre será significativa.
- ◆ Partirase dun enfoque globalizado.
- ◆ Importancia do xogo.
- ◆ Creación dun ambiente seguro e de confianza.
- ◆ Organización adecuada do espazo e o tempo.
- ◆ A lingua vehicular será o galego.
- ◆ Materiais curriculares variados.
- ◆ Relación familia – escola.
- ◆ Principio de atención á diversidade.

Na actualidade, entendemos que non existe un método único de intervención do mesmo xeito que non existe un único método de investigación. Pola contra, sostemos que a metodoloxía ten que adaptarse ao alumnado, ao contexto e á materia, e, por este motivo, adoptamos un criterio plurimetodolóxico.

Os principios de intervención educativa derívanse tanto de fundamentos científicos como de presupostos ideolóxicos ou de coñecementos funcionais concibidos na práctica docente. De seguido, desenvolvemos os principios de intervención educativa dun xeito xeral, os cales, van estar presentes ao longo de toda a programación.

A aprendizaxe sempre será significativa. Nesta aprendizaxe o neno e a nena deben poder establecer relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes.

Enfoque globalizador. Este principio supón que a aprendizaxe é o resultado de múltiples conexións entre o novo e o xa coñecido. Este proceso será factible sempre e cando as relacións que se establezan e os significados que constrúan sexan amplos e diversificados.

Importancia do xogo. O xogo é un instrumento fundamental que os nenos e nenas empregan como canle de relación co entorno, para coñecer e aprender a realidade tanto física como social. É unha actividade natural desta etapa, constitúe un importante motor do desenvolvemento, tanto nos seus aspectos emocionais como intelectuais e sociais. No xogo xúntanse, por unha parte, un forte carácter motivador e, por outra, importantes posibilidades para que os nenos e nenas establezan relacións significativas.

O xogo ten un dobre tratamento metodolóxico nesta etapa: dunha parte subliñando a necesidade de dotar dun carácter lúdico calquera actividade que se realice na aula, evitando a falsa dicotomía entre xogo e traballo e, doutra, posibilitando o xogo autónomo do alumnado.

Creación dun ambiente seguro e de confianza. Nesta idade é imprescindible a creación dun ambiente cálido, acolledor e seguro, no que o neno e a nena se sintan

queridos e confiados para poder afrontar os retos que lle xurdan no coñecemento progresivo do seu medio e para adquirir os coñecementos que lle permitan acceder a el.

- Os nenos e nenas precisan establecer co/coa educador/a unha relación persoal de gran calidade. Isto transmitirlle a confianza básica e a seguridade precisa para o seu desenvolvemento.

- As relacións de comunicación que se dan na aula constitúen tanto un obxectivo educativo como un recurso metodolóxico de primeira orde. As dificultades e reaxustes que se xeran no grupo facilitan o progreso intelectual, afectivo e social.

- **Organización adecuada do espazo e do tempo.** Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos materiais e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.

O espazo escolar permítelle ao neno situarse nel, sentilo seu, a partir das súas experiencias e relacións con persoas e obxectos. A distribución do espazo debe adecuarse ás necesidades do alumnado. Débense prever as distintas situacións e decidir sobre os medios que as fagan posibles evitando organizacións ríxidas.

A variedade de actividades educativas que se realizan con nenos e nenas destas idades fan necesario que se habiliten espazos que reúnan as condicións necesarias para a súa realización. Os recunchos orientados cara o xogo simbólico, a expresión plástica, a música, a manipulación, a conversa son un exemplo de distribución do espazo na aula.

A organización do tempo é outro elemento a ter en conta, xa que, na educación infantil, a organización das actividades require flexibilidade e unha adecuación ao ritmo dos nenos e nenas. É, básico respectar os principios do desenvolvemento cognitivo e socioafectivo, mantendo unha organización do tempo o máis natural posible sen forzar o ritmo da actividade e mantendo determinadas constantes temporais ou rutinas.

A diversidade de materiais cos que contamos na educación infantil deben ser axeitados ás intencións que se persigan. O centro ten que ofrecer unha gama variada de obxectos, xoguetes e materiais que proporcionen múltiples posibilidades de manipulación.

Relación familia-escola. A educación infantil ten sentido pleno nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo dos nenos e nenas. As relacións fluídas e continuadas entre centro e familias permiten unificar criterios e pautas de actuación entre adultos que, dunha ou outra forma, interveñen directamente na educación dos máis pequenos.

Na nosa escola intentamos favorecer as relacións entre a familia e o centro, estimulando a súa participación e colaboración nas tarefas educativas e detectando os problemas que sufra o neno, orientando e mediando coa familia para atopar solucións axeitadas. Por este motivo, as educadoras e mestras estamos a disposición das familias para transmitirlle toda aquela información que necesiten.

4. COEDUCACIÓN: A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE.

Dende a E.I.M. A Madalena cremos que a escola pública se caracteriza polo seu papel “compensador de desigualdades”. Na nosa escola todos e todas temos sitio para sermos nós mesmos/as sexa cal sexa a nosa orixe, cultura, ideoloxía, situación familiar; cremos nunha sociedade diversa capaz de vivir en harmonía, entendemos a escola como un tempo e un espazo para a humanización onde todos/as atopen o seu lugar.

No artigo 34 do R.R.I. facemos referencia á promoción da igualdade entre neno e nenas. A Escola Infantil Municipal A Madalena deberá promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os nenos e nenas. A igualdade de xéneros será a cerna de todas as actividades que se desenvolvan no centro e reflectirase non só nas actividades e material de traballo senón tamén no comportamento habitual dos mestres e mestras e educadores/as. Todas as actividades reflectiranse no Proxecto Educativo de Centro e tamén nos deseños curriculares.

O persoal da escola prestará atención especial ao fomento e respecto da interculturalidade, como instrumento de superación das desigualdades, prexuízos e racismo.

5. COLABORACIÓN COS PAIS E NAIS.

No R.R.I. contemplamos a colaboración dos pais e das nais do seguinte xeito:

A dirección da escola infantil, fomentará a colaboración dos pais e nais co centro e as relacións co persoal deste.

Os pais, as nais ou os representantes legais poderán solicitar unha reunión co titor ou titora do seu fillo/filla ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin. (con cita previa e presencial ou telefónica)

En todo caso a dirección informará por escrito ao principio do curso dos horarios de atención aos pais, nais ou representantes legais dos nenos e nenas.

Porase a disposición do usuario un libro de reclamacións. O contido destas reclamacións exporáselle de xeito periódico ao consello de centro, agás naqueles casos nos que se requira unha contestación inmediata.

Ademais buscamos a colaboración da ANPA para todas as actividades que se levan a cabo no centro, intentando participar nas que eles organizan.

C.) OBXECTIVOS.

C.1.) OBXECTIVOS DO CENTRO NOS DIFERENTES

ÁMBITOS

1. PEDAGÓXICO.

- ◆ Potenciar a aprendizaxe e desenvolvemento da lingua galega na nosa escola infantil.
- ◆ Coñecer e descubrir os costumes e tradicións da zona, facéndooas propias a través de actividades globalizadas, con sentido para os nenos e nenas.
- ◆ Potenciar e formar ao/á neno/a nos ámbitos de desenvolvemento motor, cognitivo, de equilibrio persoal, de inserción social e das relacións interpersoais.
- ◆ Educar na igualdade de dereitos aos nenos e nenas sen discriminación por razón de sexo, respectando a diversidade, baseándonos na aceptación das distintas razas, culturas e etnias.
- ◆ Intentar que a escola sexa unha experiencia óptima para os nenos e nenas, educadores e a

comunidade educativa en xeral.

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

A educación infantil deberá de contribuír a que os nenos e nenas acaden os seguintes obxectivos, baseados no Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (Ver anexo 6)

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE CICLO. (ver anexo 7)

2. ADMINISTRATIVO

- ◆ Utilizar a escola como canle de comunicación cos servizos do concello.
- ◆ Facilitar a tramitación da documentación precisa para a nosa escola ou para calquera outro centro do concello.
- ◆ Informar aos servizos sociais do concello de calquera incidencia que poida xurdir nalgunha das familias matriculadas no centro.

3. ORGANIZATIVO

- ◆ Establecer unha comunicación fluída entre todas as partes da comunidade educativa.
- ◆ Traballar en equipo como factor básico para cohesionar o grupo e asumir metas comúns.

- ◆ Cumprir e facer cumprir as normas do centro para manter un ambiente estable e de confianza.

4. INSTITUCIONAL

- ◆ Establecer relacións con outras institucións de ámbito educativo, cultural e administrativo para a integración do centro no contorno e para a mellora da calidade do ensino.

5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

- ◆ Conseguir que os nenos e nenas galegos/as expresen o seu enxeño, desenvolvan a súa sensibilidade, manifesten as súas habilidades e potencien as súas capacidades sensoriais en galego.
- ◆ Traballar para que os cativos e cativas exerzan o dereito fundamental de apropiarse do mundo na lingua de seu e de aprender sen os prexuízos que derivan do conflito lingüístico.
- ◆ Contribuír á creación de espazos educativos galegos con identidade propia.
- ◆ Proporcionar e recoñecer claves para traballar desde a interculturalidade.

D) ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.

D.1.) ORGANIZACIÓN DO CENTRO PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS.

1. ÓRGANOS UNIPERSOAIS E COLEXIADOS.

A Escola Infantil Municipal A Madalena disporá da seguinte estrutura orgánica:

- **Dirección**
- **Persoal de atención directa aos nenos e nenas**
- **Persoal de servizos**
- **Comisión de baremación.**

Composta por:

- Presidente: concelleiro/a de Educación ou concelleiro en quen delegue.
- Secretario/a do concello ou funcionario en quen delegue.
- Vogais: o director/a pedagóxico/a do centro, un representante do Consello Escolar Municipal (se está en funcionamento), un representante dos pais e nais dos menores.

Competencias:

- Velar polo cumprimento do proceso de ingreso.
- Velar pola aplicación do procedemento de admisión.
- Propor e decidir as altas e baixas que se produzan.
- Proporlle ao alcalde as solicitudes de ingreso.

- **Comisión educativa:**

Composta por:

- Concelleiro/a de Educación ou concelleiro en quen delegue.
- Director/a pedagóxico/a ou unha mestra en quen delegue.
- Mestres/as e educadores/as do centro.

Competencias:

- Elaborar o Proxecto Educativo de Centro e a Programación Anual de Actividades.
- Facer o seguimento da programación do centro e do proceso educativo grupal e individual.
- Supervisar a aplicación curricular e a súa aplicación ao Proxecto Educativo de Centro.
- Aplicación do regulamento, así como a súa revisión e actualización.

Consello do centro

É o órgano colexiado que asumirá a coordinación xeral do centro, marcará as directrices e adoptará os acordos precedentes. A directora pedagóxica é a encargada de convocar as reunións e levalas a cabo. A primeira reunión celebrarase ao comezo do curso e

convocarase cunha semana de antelación e na convocatoria estará exposta a orde do día. Calquera membro do consello poderá convocar unha reunión extraordinaria solicitándollo á directora da escola cunha semana de antelación.

Composición:

- Director/a pedagóxico/a ou mestra en quen delegue
- 1 representante do persoal educativo
- 1 representante do persoal de servizos
- 1 representante dos pais/nais dos menores
- 1 representante do Consello Escolar Municipal
- Concelleiro/a de Educación ou concelleiro en quen delegue.

Competencias:

- Aprobar a memoria anual de actividades
- Aprobar o Proxecto Educativo de Centro e a Programación Anual de Actividades, elaboradas pola comisión educativa
- Proporlle á administración competente cantas medidas sexan precisas para mellorar o funcionamento do centro.
- Supervisar que as directrices e a programación se axusten aos principios, criterios e obxectivos establecidos pola administración competente. Os representantes do persoal educativo e do persoal de servizos serán elixidos internamente dentro da súa categoría. O/a representante dos pais e nais dos menores será elixido mediante convocatoria única.

2. ASIGNACIÓN DE EDUCADORAS AOS GRUPOS.

Para a asignación das educadoras aos grupos levamos a cabo un sistema de rotación onde as educadoras realizarán o ciclo enteiro dos 0 aos 3 anos cos mesmos nenos e nenas, irá aumentando o número de educadoras segundo as necesidades pero os nenos e nenas sempre terán polo menos unha das educadoras que comezou en 0-1 como referencia.

HORARIO DA MESTRAS E EDUCADORAS (Ver cadro páxina 9)

3. NÚMERO DE EDUCADORAS POR GRUPO.

GRUPO DE 0-1: dúas educadoras e unha mestra.

GRUPO DE 1-2: 6 educadoras e unha mestra

GRUPO DE 2-3: 4 educadoras e unha mestra.

(Ver división por aulas na páxina 9)

4. A DIMENSIÓN DO GRUPO.

Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, a ratio establécese do seguinte xeito; a proporción adulto/veno será como máximo a seguinte:

- Unidades para nenos e nenas menores de 1 ano: 1/8.
- Unidades para nenos e nenas de 1 a 2 anos: 1/13.
- Unidades para nenos e nenas de 2-3 anos: 1/20.

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos poderán ser agrupados conforme a seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupos formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.

No noso caso, dada a gran demanda adaptámonos ás primeiras proporcións, quedando

do seguinte xeito:

- Aula de 0-1: 7 nenos/as a xornada completa, 1praza reservada a emerxencia social e 3 educadoras.
- Dúas aulas de 1-2: 13 nenos por aula e 5 educadoras en total.(Das 26 prazas, 2 para emerxencia social.) 1-2 A: 10 xornada completa, 3 media xornada de mañá e 1 media xornada de tarde. 1-2 B: 12 xornada completa.
- Tres aulas de 2-3: 20 nenos por aula e 7 educadoras en total.(Das 60 prazas, 2 para emerxencia social.) 2-3 A: 17 nenos e nenas a xornada completa, 2-3 B : 19 xornada completa, 1 media xornada de tarde. 2-3 C: 3 xornada completa, 8 media xornada de mañá.

5. A COMPOSICIÓN DO GRUPO.

Actualmente o número de alumnos matriculados na escola é de 80 , dos cales 39 son nenos e 41 son nenas.

Así a composición dos grupos queda do seguinte xeito:

Grupo 0-1 anos: 3 nenas e 4 nenos.

Grupo 1-2 anos A: 11 nenas e 3 nenos.

Grupo 1-2 anos B: 4 nenas e 8 nenos.

Grupo 2-3 anos A: 10 nenas e 7 nenos.

Grupo 2-3 anos B: 8 nenas e 11 nenos .

Grupo 2-3 anos C: 5 nenas e 6 nenos .

6. A TITORÍA NA ESCOLA INFANTIL.

Os horarios de titorías distribúense do seguinte xeito e deberán solicitarse mediante cita previa:

	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C
GRUPO 0-1	LUNS 18:00-19:00		
GRUPO 1-2	MARTES 18:00 – 19:00	MARTES 17:00-18:00	
GRUPO 2-3	MERCORES 18:00-19:00	MERCORES 18:00-19:00	MERCORES 17:00-18:00
DIRECCIÓN	MARTES DE 16:00-18:00		

As titorías deberán solicitarse previa cita.

- ◆ Como titores/as, os obxectivos que nos formulamos son os seguintes:
- ◆ Favorecer o traballo coordinado do equipo docente de cada grupo clase co obxecto de facer máis eficaz a tarefa docente e poder adaptala mellor ás características de cada grupo e de cada alumno.
- ◆ Facilitar a integración do alumnado no seu grupo clase e no centro, promovendo a actuación responsable tanto na marcha do grupo coma na participación activa nas actividades organizadas a nivel de centro.
- ◆ Potenciar o seguimento do proceso individual realizado por cada alumno e a atención ás necesidades diversas derivadas do mesmo.
- ◆ Unir esforzos do equipo educativo no planificación duns valores que lles axuden a seren persoas e a convivir e comportarse adecuadamente nas súas relacións dentro dos grupos.

7. A UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS ESCOLARES.

COMEDOR:

7:30- 9:00 ALMORZO 12:00-14:00 XANTAR.

ZONA DE USOS MÚLTIPLES:

7:30- 9:30 RECEPCIÓN DE NENOS E NENAS

12:00-14:00- Dada a demanda de prazas de comedor que solicitan as familias, decidimos empregar a sala de usos múltiples como comedor. Así comen no comedor os nenos de 1-2 A e 2-3 A en dúas quendas diferentes. E comen na sala de usos múltiples os nenos de 1-2 B e os de 2-3 b, en dúas quendas diferentes. Deste xeito podemos gardar igualmente o grupo burbulla.

Ademais e dende unha perspectiva pedagóxica, trátase dun espazo máis amplo que nos vai permitir seguir unha dinámica de traballo que faga que os nenos e nenas sexan máis independentes á hora de poñer a mesa ou recollela. Así, traballamos tanto a súa autonomía persoal, como os conceptos de lóxica matemática ou a clasificación de obxectos.

15:00-16:00 ZONA DE XOGO

19:00-19:30 XOGO LIBRE E ENTREGA DE NENOS E NENAS. Tamén se usa o patio como aula de psicomotricidade.

PATIO EXTERIOR: Utilizamos o patio exterior cando as condicións climáticas son as axeitadas, seguindo o mesmo horario do patio interior, excepto a primeira hora da mañá.

DORMITORIO:

10:00-12:00// 13:00-16:00 DORMEN OS NENOS E NENAS DE 0-1 ANOS. (a demanda, respetando os horarios de comida e merenda)

12:30-16:00 DORMEN OS NENOS E NENAS DE 1-2 ANOS.

AULA DE BEBÉS: Estes nenos e nenas permanecen nesta aula durante toda a xornada agás no tempo que saen ao patio exterior ou dormen.

AULAS DE 1-2:

9:00- 12:00 ACTIVIDADES DE AULA.

17:00-19:00 ACTIVIDADES DE AULA.

AULAS DE 2-3:

GRUPO A: 9:00-12:45 ACTIVIDADES DE AULA./18:00-19:00 ACTIVIDADES DE AULA. Esta aula empregase de dormitorio de nenos/as de 2-3 de A 13:30-16:00. Comen no comedor.

GRUPO B: 9:00- 12:45 ACTIVIDADES DE AULA./16:00-16:45 E 18:00-19:00 ACTIVIDADES DE AULA.Os nenos desta aula tamen durmen na súa aula. Comen na Sala de usos múltiples.

GRUPO C: 9:00-12:45 ACTIVIDADES DE AULA / Os nenos desta aula comen na aula para poder gardar o grupo burbulla.

ORGANIZACIÓN DAS AULAS, RECUNCHOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

A metodoloxía na escola infantil entendémola de maneira global, xa que as aprendizaxes nestas idades parten do contorno máis próximo ao neno e á nena, e este concíbese como un todo.

A nosa intervención debe dirixirse a facilitar que o neno/nena poida desenvolver as súas capacidades, que cree un autoconcepto positivo e que favoreza unha conduta progresivamente autónoma.

Os nenos e nenas manifestan a súa actividade dentro duns ambientes físicos determinados onde observan, xogan, descubren e realízanse. Na educación infantil os elementos que se empregan diríxense a xerar a acción, pero tamén á creación de actitudes e hábitos.

Determinadas disposicións espaciais favorecen a creación de hábitos de orde e de coidado do material e contribúen a reforzar a conduta do neno; ao mesmo tempo, crean ambientes adecuados para o desenvolvemento persoal e para a satisfacción das

necesidades espontáneas de acción e movemento dos nenos e nenas.

O medio no que o neno interactúa constitúe un dos factores esenciais que vai influír no seu desenvolvemento persoal e harmónico. Ese medio necesita ser estimulador, gratificante, afectivo e rico, variado en posibilidades. De aí a importancia educativa dos obxectos, espazos e da forma de organizar o traballo.

Tendo isto en conta, ademais, por suposto, das características evolutivas dos nenos e nenas, decidimos organizar as aulas en recunchos.

Definimos recunchos como espazos delimitados onde os nenos e nenas desenvolven actividades lúdicas, realizan pequenas investigacións e establecen relacións interactivas entre iguais e cos adultos.

Grupos de 0 a 1

Pretendemos nesta idade seguir unha serie de rutinas e accións regulares no tempo que fagan sentir a seguridade e a confianza necesarias para poder establecer relacións positivas cos outros nenos e nenas, coas educadoras e con outros adultos. Seguiremos as rutinas respectando o máximo posible o ritmo individual de cada neno e nena.

Dividimos a aula nos seguintes recunchos:

◆ Recuncho da alimentación . Para satisfacer as necesidades alimentarias. Nel prepáranse e esterilízanse os biberóns. Os materiais utilizados son: esterilizador, quentabiberóns, biberóns, auga, vasos, leite, cereais, galletas...

◆ Recuncho de aseo e hixiene . Está destinado a satisfacer as necesidades hixiénicas: cambio de cueiros e aseo persoal dos nenos. Os materiais utilizados son: cambiador, compartimentos para os cueiros e para as toallíñas, peites, xel , esponxas...

◆ Recuncho do xogo simbólico . É o recuncho dedicado ao xogo libre. Nel teñen ao seu alcance distintos tipos de xoguetes. O piso está cuberto de tapices. Os materiais utilizados son: colchóns, xoguetes musicais, peluches (durante este curso retírtanse por protocolo COVID), teléfonos, coches, bonecas, construcións...

◆ Recuncho psicomotricidade. Destinado á estimulación motriz.

◆ Recuncho do descanso . É onde os nenos e nenas dormen ou descansan, xa que os/as nenos/as destas idades adoitan durmir ao longo do día unhas 15/16 horas. Os materiais utilizados son: berces, hamacas, mantiñas...

Grupos de 1 a 2.

Para os nenos e nenas deste grupo, aínda que seguen a ser moi pequenos, tratamos de facer unha programación de obxectivos, contidos e actividades apropiadas a este período evolutivo. Intentamos que o neno/a aprenda ao tempo que xoga.

Os nenos e nenas non entenden aínda o concepto de tempo e, polo tanto, non saben en que momento do día se atopan nin que lle corresponde facer en cada un destes intres, por iso seguimos con esas rutinas tan importantes para eles nestas idades, por medio dun horario, por suposto, flexible, e respectando os ritmos individuais de cada neno/a xa que, debido a súa curta idade, cada un ten un ritmo de descanso e vixilia propio.

Na Escola Infantil Municipal A Madalena dispoñemos de dúas aulas de 1 a 2 anos.

Os recunchos nos que dividimos as aulas son:

◆ Recuncho da manipulación e da observación . Aquí é onde se lle ofrecen aos nenos e nenas os diferentes xoguetes e materiais para traballar a precisión manual e tamén óculo-manual. Os materiais son os seguintes: mobles de cubetas con materiais como pezas, bloques de construcións, pelotas, teas, ..

◆ Recuncho do xogo simbólico . Neste recuncho predomina a capacidade de imitación das situacións cotiás. Os materiais que podemos encontrar nel son os seguintes: cociña cos seus cacharriños (culleres, garfos, coitelos, cazolas), bonecos e bonecas, coches, camiións...

◆ Recuncho da biblioteca. É moi importante poñer en contacto aos nenos e nenas co mundo dos libros e das imaxe para que aprendan a valoralos e respectalos. Os materiais

que atopamos aquí son expositores de libros con catálogos, revistas e contos e unha mesa xa que nos grupos de 1 a 2 anos o que mais desexan os nenos é moverse e estar de pé. Enriba da mesa poden abrir o libro e pasar as follas con comodidade.

◆ Recuncho da expresión e comunicación oral. Está formado por un colchóneta grande onde nos reunimos, para cantar, para contar contos, asemblea, estimular diferentes aspectos da música.

Grupos de 2 a 3.

Na escola infantil contamos con tres aulas de 20 prazas cada unha e un total de 60 nenos repartidos en distintos horarios.

A programación para estes nenos basease nunha formación personalizada. Nas actividades propostas temos en conta os aspectos persoais dos alumnos/as, as súas preferencias e a súa personalidade, o seu carácter e a formación da propia imaxe.

A maioría das actividades enfócanse a partir dunha actividade instintiva e espontánea do neno/a: o xogo. Entendemos que este elemento é necesario para un desenvolvemento correcto dos nenos/as.

O neno é o protagonista da súa aprendizaxe, polo que as actividades propostas intentan favorecer distintas formas de intervención por parte nosa: a dirixida, a libre, a suxerida e a asistida.

Consideramos que a interacción é tan importante como a acción, por este motivo, as actividades que propoñemos conteñen todo tipo de agrupación dos nenos. Realizamos actividades colectivas, actividades en grupos pequenos e actividades individuais.

Os rapaces e as rapazas aprenden dentro e fóra da escola, polo tanto, entendemos que a aprendizaxe é cotiá. A variedade de experiencias axuda ao desenvolvemento cognitivo, e tamén a reconstruír, a sistematizar e a coñecer a realidade.

Intentamos crear un ambiente que fomente a autonomía dos nenos de 2 a 3 anos, xa que neste nivel é onde se consolidan moitos dos hábitos traballados durante os anos anteriores e se adquiren algúns novos. Na adquisición dos mesmos, o papel dos adultos é fundamental, xa que é o espello onde se miran os nenos e as nenas

A aula está organizada en función das necesidades e intereses dos nenos. Desde o interior da aula accedemos ao baño que está adaptado ao tamaño dos nenos e nenas para facilitar a súa autonomía.

As aulas están distribuídas por recunchos para facilitar a aprendizaxe dos nenos/as.

Estes recunchos son espazos polivalentes que nos ofrecen varias alternativas en función dos temas, proxectos, talleres... que queiramos traballar.

◆ Recuncho de expresión e comunicación oral. Neste recuncho temos un colchón onde sentamos, conversamos, escoitamos contos e historias, cantamos, estimulamos diferentes aspectos da música.

◆ Recuncho do xogo simbólico. Neste recuncho xogamos con bonecos, facemos comida, xogamos cos animais, tendas ...

◆ Recuncho da biblioteca . Neste lugar temos un expositor con contos, libros, revistas,catálogos etc. e os nenos e nenas manipúlanos, ven as imaxes e comentan entre eles.

◆ Recuncho da manipulación : Os nenos poden coller os xoguetes e materiais colocados nos andeis que están a súa altura ou no moble das cubetas onde se atopan as pranchas de coser, de ensartar, encaixes...

Debido a situación actual e a aplicación do protocolo COVID-19 serán as educadoras as encargadas de facilitar o material para traballar neste recuncho

Existen outra serie de actividades e celebracións de carácter puntual que dalgún xeito, están planificadas con anterioridade como son: o magosto, o Nadal, día da familia, o día das letras galegas, os aniversarios... Neste sentido intentamos, na medida do posible, que os nenos participen.

Segundo vai avanzando o curso, vaise establecendo unha relación entre a educadora e o

nenos/a que deriva no afecto mutuo; e mesmo entre os propios nenos xorde unha relación froito da convivencia diaria.

Por outro lado, é moi importante que, ao longo do curso, se estableza unha coordinación entre os pais e nais e as educadoras á hora de marcar unha serie de hábitos e normas de comportamento.

8. O EQUIPAMENTO E OS RECURSOS DIDÁCTICOS.

EQUIPAMENTO:

Espazos interiores.

Espazos educativos. Aula de bebés, sala de berces, aulas de 1 a 2 anos, aulas de 2 a 3 anos, sala de usos múltiples.

Espazos de servizos. Aparcadoiro de carriños (este ano non se empregará polo protocolo COVID-19). Dirección. Vestiarios persoal. Lavandaría. Cuarto limpeza. Almacén. Enfermaría. Cociña. Comedor. Aseos persoal. Sala de xuntas.

Recibidores:

Bebés: Entran pola porta da súa aula, situada no patio.

1-2 A: Entran pola porta do patio interior ou entrada principal segun horario.

1-2 B: Segun os horarios entrarán pola entrada principal ou pola porta da aula situada no patio

Porta principal: entraran os nenos/as de 1-2 e 2-3 C

Porta Lateral: entraran os nenos/as de 2-3 A e B, e todas as empresas de recepción de mercancias ou calquera externa ao centro.

Espazos exteriores: patios exteriores

Aula de 0 a 1 :	Aula de 1 a 2 (A):	Aula de 1 a 2 (B):	COMEDOR (1-2)
<ul style="list-style-type: none"> - hamacas - 4 estantes - 1 colector cueiros - 1 radiocasete - 1 cortiza - 1 espello - 1 papeleira - 1 moble cambiador - 1 tatami. - 1 mesa - 1 sofá de lactación - 3 tronas 	<ul style="list-style-type: none"> - 2 mesas - 15 cadeiras - 1 moble estantes - 15 perchas - 1 radiocasete - 1 cortiza - 1 espello - 1 papeleira - 1 moble clasificador - colchoneta grande - 1 baño:cambiador 	<ul style="list-style-type: none"> - 2 mesas - 10 cadeiras - 1 moble con cubetas - 15 perchas - 1 radiocasete - 1 cortiza - 1 espello - 1 papeleira - 1 expositor de libros - 1 moble clasificador - 1 tatami. - 1 baño:cambiador 	<ul style="list-style-type: none"> - 4 mesas - 30 cadeiras - 1 mesa de adulto. - 6 cadeiras de encartar de adulto - tronas - unha estantería
Aula de 2 a 3 (A):	Aula de 2 a 3 (B):	Aula de 2 a 3 (C) :	SALA USOS MÚLTIPLES
<ul style="list-style-type: none"> - 4 mesas - 20 cadeiras - 1 moble con cubetas - 20 perchas - 1 radiocasete - 1 cortiza - 1 espello - 1 papeleira - 1 expositor de libros - 1 moble clasificador - 1 moble con estantes - 2 colchonetas - Unha mesa con ordenador, rato e pantalla 	<ul style="list-style-type: none"> - 4 mesas - 20 cadeiras - 1 moble con cubetas - 20 perchas - 1 radiocasete - 1 cortiza - 1 espello - 1 papeleira - 1 expositor de libros - 1 moble clasificador - 1 moble con estantes - 1 colchonetas - 1 Tatami. - Unha mesa con ordenador,rato e 	<ul style="list-style-type: none"> 4 mesas - 20 cadeiras - 20 perchas - 1 radiocasete - 1 cortiza - 1 espello - 1 papeleira - 1 expositor de libros - 1 moble clasificador - 2 moble con estantes - 1 colchón grande - Unha mesa de ordenador.rato e pantalla 	<ul style="list-style-type: none"> - Coches/ Motos - Triciclos - Material psicomotricidade. - Moble organizador - Televisión, equipo de son. - Mesas de encartar e cadeiras, para uso do comedor.

- Baño: cambiador	pantalla - Baño: cambiador	- Baño cambiador	
SALA DE DESCANSO	PATIO EXTERIOR		
- camas 1-2 - 8 berces - camas grupo 2-3	PATIO DE CAUCHO - 2 bancos. - 1 casaña dos gnomos. - 1 rúa con tendas. - 1 balancín. - 1 mesa con bancos.	PATIO DE CESPED - 2 Areeiros con pás e caldeiros. - 2 mesas de froitas - 1 casa.. - 3 macetas	

RECURSOS DIDÁCTICOS.

AULA DE 0-1: Axóuxeres. Obxectos de goma para morder cando comeza a dentición de diferentes texturas e cores (animais, aros, bolas...). Bonecos de trapo (non se poderan utilizar mentres dure o protocolo COVID-19) e de goma. Espellos que non rompen e que pode manexar o neno/a para mirarse. Pelotas de distintas cores e tamaños.

Cubos sensoriais. Pelota de masaxe. Rolos de masaxe. Xoguete que xiran ou se moven dun xeito atractivo. Bonecos e obxectos brandos que imiten estímulos acústicos. Cinco andadores para cando comecen a camiñar. Cubos para amarear. Mantas de actividades. Xoguete de arrastre. Peluxes de cores (non se poderan utilizar mentres dure o protocolo COVID-19), formas e texturas diferentes. Dúas cadeiras “bumbo”. 2 balancíns. Catro ximnasia. Material funxible. Material de reciclaxe. O cesto dos tesouros. Instrumentos musicais. Obxectos colgados do teito e das paredes para a estimulación visual con elementos decorativos, divertidos, alegres e de vivas cores para crear un espazo agradable e acolledor.

Biblioteca de aula con diversa bibliografía. Rolo psicomotricidade, arcos e mar de ondas. Dúas cadeiras de brazos tamaño infantil. Crebacabezas.

AULAS 1-2 (Os seguintes materiais pódense atopar nas dúas aulas.) Pezas de encaixar. Animais da granxa e salvaxes. Coches pequenos e grandes. Instrumentos musicais: pianos, tambor, ocarinas, xilófono... Cociña. Enxoval de cociña (vasos, garfos, coitelos...) crebacabezas. Bonecas. Xoguete de arrastre. Pelotas diversas, sensoriais. Cubetas. Roleta. Froitas e verduras. Botóns de coser. Pezas de construción. Bits de intelixencia. Esponxas. Material funxible. Material de reciclaxe. Biblioteca de aula con diversa bibliografía.

AULAS DE 2-3. (os seguintes materiais pódense atopar nas tres aulas) Xogos de encaixar, crebacabezas. Cociña con enxoval. Pezas de construción. Maletín médico. Maletín con accesorios para bebé e cambiador para xogo simbólico. Bebés. Bañeira. Berces. Baúl de disfraces. Granxa con animais. Garaxe con coches. 1 centro comercial. Láminas para coser. Banco de traballo.

Animais de granxa e salvaxes. Baúis para xoguete. Pelotas. Coches. Utensilios de limpeza. Instrumentos musicais. (xilófono, ocarinas, axóuxeres, tambor...) Moldes de mans e pés.

Moldes de plastilina. Biblioteca de aula con diversa bibliografía. Material funxible. Material de reciclaxe. Moble cabaleta pintura e organización.

Os últimos catro cursos as educadoras da escola decidimos non utilizar material impreso de editoriais e elaboramos nós mesmas os materiais didácticos que precisamos.

ENTREVISTA INICIAL



A madalena
Escola infantil municipal

NIVEL:

Three empty rectangular boxes for level information.

CURSO:

Three empty rectangular boxes for course information.

DATOS PERSOAIS DO NENO

- List of personal data questions: NOME E APELIDOS, DATA E LUGAR DE NACEMENTO, NACIONALIDADE, DOMICILIO, TELÉFONOS, TELÉFONO DE URXENCIA, PREGUNTAR POR.

DATOS FAMILIARES

- List of family data questions: NOME E APELIDOS DO PAI/TITOR, DATA E LUGAR DE NACEMENTO, NIVEL DE ESTUDIOS, PROFESIÓN, LUGAR E TELÉFONO DO TRABALLO, IRMÁNS, N° DE IRMÁNS, LUGAR QUE OCUPA, NOME, IDADE, ¿TEN IRMÁNS NO CENTRO?, ¿CONVIVEN OUTRAS PERSOAS NA CASA?, ¿QUE IDADES TEÑEN?

- LINGUA OU LINGUAS QUE SE FALAN NA FAMILIA:
- GALEGO
- CASTELÁN
- OUTROS..... ¿CALES?.....

ASPECTOS SANITARIOS

- EMBARAZO: NORMAL.....COMPLICACIÓNS (¿CALES?).....
- PARTO: NORMAL.....COMPLICACIÓNS (¿CALES?).....
- ¿HOUBO PROBLEMAS DESPOIS DO PARTO?..... ¿DE QUE TIPO?.....
- ¿TEN ALGÚN PROBLEMA?
- AUDITIVO ,VISUAL,MOTRIZ,RESPIRATORIO,DIXESTIVO,OUTROS...
 (0-1)
- (1-2)
- (2-3)
- ¿RECIBIU ESTIMULACIÓN OU TRATAMENTO INDIVIDUALIZADO?¿DURANTE CANTO TEMPO?.....
- ¿TEN ALGUNHA ALERXIA?
 (0-1)
- (1-2)
- (2-3)
- ¿PRECISA ALGÚN TRATAMENTO ESPECIAL?.....
 (0-1)
- (1-2)
- (2-3)
- ENFERMIDADES QUE PADECEU.¿A QUE IDADE?.....

HÁBITOS

ALIMENTACIÓN:

- ¿COME DE TODO?.....
 (0-1)
- (1-2)
- (2-3)
- ¿QUÉ ALIMENTOS REXEITA?.....
- ¿SEGUE ALGUNHA DIETA?.....
 (0-1)
- (1-2)
- (2-3)
- ¿TEN PROBLEMAS COA COMIDA?(masticación, deglución, digestión,...).....
 (0-1)
- (1-2)
- (2-3)
- ¿COME SÓ?.....
 (2-3)

SONO:

- ¿COMPARTE HABITACIÓN? ¿CON QUEN?.....

- ¿PRECISA ESTAR ACOMPAÑADO PARA DURMIR?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)
- ¿A QUE HORA SE DEITA? ¿CANTAS HORAS DURME?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)
- ¿DURME SESTA? ¿DURME CON FACILIDADE? ¿CANTO TEMPO ?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)
- ¿TEN ALGUNHA MASCOTA, CHUPETE OU ALGUNHA OUTRA COUSA PARA DURMIR?.....

CONTROL DE ESFÍNTERES: (2-3)

- ¿A QUE IDADE EMPEZOU A CONTROLAR?.....
- ACTUALMENTE: CONTROLA.....NON CONTROLA.....NON NOITE.....
- ¿QUE NIVEL DE AUTONOMÍA TEN PARA IR Ó BAÑO?.....

VIDA RELACIONAL:

RELACIÓN COS ADULTOS:

- O NENO ESTÁ PRINCIPALMENTE CON: (PAI, NAI, OUTRAS PERSOAS...)
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)
- ¿RELACIONASE SEN PROBLEMA CON OUTROS ADULTOS?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)

RELACIÓNS COS OUTROS NENOS:

- ¿GÓSTALLE ESTAR CON OUTROS NENOS?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)

RELACIÓNS COS OBXECTOS E O ESPAZO:

- ¿CALES SON OS SEUS XOGOS OU XOGUETES PREFERIDOS?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)
- ¿TEN UN LUGAR ONDE POIDA XOGAR?.....
- ¿EMPREGA NOVAS TECNOLOXÍAS? ¿CALES ? CON QUEN? E ¿CANTO TEMPO?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)

NIVEL MADURATIVO:

LINGUAXE:

- ¿A QUE IDADE EMPEZOU A EMITIR AS PRIMEIRAS PALABRAS?

- ¿AS SÚAS PALABRAS SON INTELIXIBLES?.....
 (1-2)
 (2-3)
- ¿QUÉ LINGUAXE UTILIZA MÁIS A XESTUAL OU A ORAL?.....
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)
- ¿FÁLASELLE CON LINGUAXE ADULTA OU UTILÍZANSE AS SÚAS MESMAS EXPRESIÓNS?
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)

MOTOR:

- ¿GATEOU?.....¿A QUE IDADE COMEZOU A ANDAR?.....
- ¿TEN DIFICULTADES NO MOVEMENTO? (pés, problemas posturais, pouca axilidade de movementos)
 (0-1)
 (1-2)
 (2-3)

EMOCIONAL:

- ¿É NERVIOSO OU TRANQUILO?¿COLLE RABIETAS A MIÚDO?¿CÓMO RESPOSTA ÁS MESMAS?
 (0-1)

 (1-2)

 (2-3)

ASISTENCIA A OUTROS CENTROS:

- ¿DENDE QUE IDADE?.....¿DURANTE CANTO TEMPO?.....
- ¿CANTAS HORAS Ó DÍA?.....
- ¿QUE CAMBIOS IMPORTANTES OBSERVOU NO SEU FILLO A PARTIR DE IR Á ESCOLA?
 (autonomía persoal,xogos,relación cos adultos, nenos...).....

OBSERVACIÓNS QUE CONSIDEREN OPORTUNAS:

.....

1. NÚMERO E FUNCIÓNS

1 DIRECTORA PEDAGÓXICA. É o representante do Centro e o responsable do seu correcto funcionamento. Depende orgánica e funcionalmente do/a Concelleiro/a de Educación do Concello de Ames, e as súas funcións mínimas serán as seguintes:

- Elaborar a memoria anual do centro
- Propoñer ou presentar o proxecto educativo que será elaborado pola directora mais o persoal de atención directa aos nen@s/as.
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do centro
- Convocar e presidir reunións do persoal, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nas mesmas.
- Prestar atención personalizada aos usuarios tanto a través do desempeño da función educativa como directiva (De 9:00 a 16:00).
- Coordinar as relacións do persoal cos nais/pais (anuais, Nadal, saídas, ...)
- Comunicarlle ao Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento do Centro, baixas do persoal, necesidades materiais, e calquera acontecemento, ...
- Exercer a garda dos menores ingresados no centro acorde co previsto na lexislación vixente.
- Supervisar, coordinar e facer cumprir o correcto desenvolvemento das actividades programadas.
- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, etc. do Regulamento de Réxime Interior.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extraescolares reflexadas no PEC, na Programación anual e aprobadas polo Consello de Centro.

(as que poidan xurdir do protocolo covid)

3 MESTRAS

- Elaborar a programación da aula
- Exercer a actividade educativa na súa aula
- Atender as rutinas diarias de cada neno/a
- Participar na elaboración da programación anual e da Memoria anual
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo do Centro e no Proxecto Curricular
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extraescolares reflexadas no PEC, na Programación anual e aprobadas polo Consello de Centro.
- As que poidan xurdir por protocolo COVID

12 EDUCADORAS/ES

- Desempeñar a función educativa na formación integral dos nen@s/as dentro da súa aula
- Coidar da orde, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nen@s/as da súa aula.
- Axudar na realización das actividades programadas.
- Participar na elaboración do Proxecto Educativo..
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extraescolares reflexadas no PEC, na Programación anual e aprobadas polo Consello de Centro.
- As que poidan xursir por protocolo COVID

4 SERVIZOS XERAIS

- Encargadas /os da orde e limpeza das estancias encomendadas.
- Orde, distribución e mantemento dos materiais encomendados.
- Encargadas /os da lavandería.
- Encargadas/os de portería.
- Tarefas de apoio administrativo básico que lle sexan requiridas pola dirección da escola.
- Apoio en tarefas de pinche de cociña ou substitución da cociñeira cando o servizo o requira.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extraescolares reflexadas no PEC, na Programación anual e aprobadas polo Consello de Centro.
- Outros que poidan xurdir do seu cargo
- As que poidan xurdir do protocolo covid

1 AUXILIAR DE COCIÑA

- Encargada/o da preparación dos menús. Responsabilizarse do bo estado dos alimentos e da súa preparación.
- Encargada/o da limpeza da cociña e do comedor así como dos utensilios de cociña.
- Tarefas de apoio administrativo básico que lle sexan requiridas pola dirección da escola.
- Participar activamente en todas as actividades complementarias e extraescolares reflexadas no PEC, na Programación anual e aprobadas polo Consello de Centro.
- As que poidan xurdir por protocolo COVID

1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO

- Prestar tarefas de apoio administrativo, responsabilizándose daquelas xestións administrativas sinxelas que se lle encomenden.
- Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes.
- Levar a cabo actividades administrativas elementais, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes.
- Redactar oficios simples.
- Realizar tarefas de atención ao público en xeral.
- Transcribir documentos.
- Colaboración na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.
- Control e reposición do material de oficina do seu departamento.
- Calquer outra, correspondente a súa subescala, e propia do departamento que se integra.
- As que poidan xurdir por protocolo COVID

ANEXO 3

FORMACIÓN.

NOME E APELIDOS	TITULACIÓN	CATEGORÍA
Dios Suárez, M ^a Sandra	Diplomada en Educ. Infantil, Pedagoga.	Dir. Pedagóxica
Piteira Puertas, Rocío	Diplomada en Formación do profesorado de E.X.B. Especialidade: Preescolar	Mestra
Viaño Nieto, M Dolores	Diplomada en Formación do profesorado de E.X.B. Especialidade: Preescolar. Licenciada en CC da Educ.	Mestra
Tato Pintos, M Dolores	Licenciada en Fia e CC da Educ. Especialista universitaria en Educ Infantil (postgrao)	Mestra
Lareo Calviño, Cristina	Diplomada en Formación do profesorado de E.X.B. Especialidade: Preescolar	Educadora
García Pouso, Mónica	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Varela Fernández, Susana	Diplomada en Edu. Primaria. Postgrao "Especialista universitaria en Educación Infantil"	Educadora
Parente Pampín, Vanesa	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Mosquera García, Marta	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Varela Casal, Milagros	Técnica Especialista en Xardín de Infancia	Educadora
Monteserín Eirea, M ^a José	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Adrán Suárez, Lucía ^a	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Santos Martínez, Ana Rosa	Diplomada en Formación do profesorado de E.X.B. Especialidade: Preescolar	Educadora
Iglesias Mosquera, María	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Rial Iglesias, Laura	Diplomada en Educ. Infantil	Educadora
Rico Teo, Araceli	Técnica Especialista en Xardín de Infancia	Educadora
Redondo Rodríguez, Victoria	Auxiliar de clínica	Servizos Xerais
Sebe Seijo, Teresa	Auxiliar de clínica	Servizos Xerais
Seoane Antelo, Elena	Diplomada en relacións laborais.	Servizos Xerais
Otero Noya, Teresa	Estudios Primarios	Servizos Xerais
Iglesias Pardiñas, M ^a Carmen	Técnico superior en hostalería	Auxiliar de cociña
Suárez González, Isabel	Auxiliar administrativo	Auxiliar administrativo
Varela Fernández, Susana	Diplomada en Educ. Infantil	educadora (substituta)
Abalde..... Beatriz	Diplomada en Educ. Infantil	educadora (substituta)

UN DÍA NA ESCOLA INFANTIL

GRUPO : 0-1

HORARIO: Respéctanse horarios das rutinas dos nen@s (sono, alimentación, e hixiene). Neste tramo os horarios son individuais para cada neno son as educadoras as que se adaptan ás necesidades dos nen@s.

ACTIVIDADE: Estas tamén se realizan en función da idade dos nen@s (non é o mesmo un bebé de 4 meses que un de 1 ano) e do nivel de desenvolvemento dos mesmos (non todos se sentan ou camiñan ó mesmo tempo). Todo o tempo que pasan na escola, independentemente de que se trate de satisfacer as súas necesidades, son tempos educativos. Hai algunhas actividades que poderíamos considerar como programadas que se adaptan ós horarios, rutinas, e idade dos bebés.

ESPAZO FÍSICO: O traballo cos nen@s de 0-1 anos realizase sempre na mesma aula, excepto os días que fai bo tempo que poden saír ó patio.

GRUPO: 1-2 ANOS

HORARIO	ACTIVIDADE 1-2	ESPAZO FÍSICO 1-2
7:30-9:00	RECOLLIDA NENOS E XOGO LIBRE/ ALMORZOS	Patio interior
9:00-10:00	REPARTO POR AULAS / XOGO LIBRE	AULA
10:00-10:30	HÁBITOS DE HIXIENE/MERENDA DA MAÑÁ	AULA
10:30-11:00	ASEMBLEA, CONTO E CANCIÓNS	AULA
11:00-12:00	OBRADOIROS/ ACTIVIDADES/HÁBITOS DE HIXIENE	AULA
12:00-13:00	COMIDA/HÁBITOS DE HIXIENE PERSOAL	COMEDOR/PATIO INTERIOR
13:00-16:00	SESTA/ XOGO LIBRE OS QUE NON DORMEN	DORMITORIO/AULA
16:00-17:00	MERENDA/ HÁBITOS DE HIXIENE	COMEDOR/PATIO INTERIOR
17:00-18:00	OBRADOIROS/ ACTIVIDADES	AULA
18:00-18:30	O CONTO DA TARDE E CANCIÓNS	AULA
18:30-19:30	XOGO LIBRE/ XOGO POR RECUNCHOS E RECOLLIDA DE NENOS	AULA

GRUPO: 2-3 ANOS

HORARIO	ACTIVIDADE 2-3 A	ACTIVIDADES 2-3 B	ACTIVIDADES 2-3 C	ESPAZO FÍSICO
7:30-9:00	RECOLLIDA / ALMORZO	RECOLLIDA / ALMORZO	RECOLLIDA / ALMORZO	PATIO / COMEDOR
9:00-09:30	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	XOGO LIBRE	AULA 2-3 A/ AULA 2-3 C
10:00-10:30	MERENDA MAÑÁ/ HÁBITOS HIXIENE	MERENDA MAÑÁ/ HÁBITOS HIXIENE	MERENDA MAÑÁ/ HÁBITOS HIXIENE	AULA
10:30-11:00	ASAMBLEA/CONTOS E CANCIÓNS	ASAMBLEA/CONTOS E CANCIÓNS	ASAMBLEA/CONTOS E CANCIÓNS	AULA
11:00-12:00	OBRADOIROS ACTIVIDADES	OBRADOIROS ACTIVIDADES	OBRADOIROS ACTIVIDADES	AULA
12:00-12:30	HÁBITOS HIXIENE/ POÑER A MESA	HÁBITOS HIXIENE/ POÑER A MESA	HÁBITOS HIXIENE/ POÑER A MESA XOGO LIBRE/ XOGO POR RECUNCHOS/ PATIO	AULA/PATIO AULA/COMEDOR
12:30-13:30	COMIDA	COMIDA	XOGO LIBRE// RECOLLIDA	AULA / COMEDOR/PATIO INTERIOR
13:30-16:00	SESTA// XOGO LIBRE	SESTA// XOGO LIBRE		DORMITORIO/ AULA
16:00-16:30	CONTO E CANCIÓNS/PATIO	CONTO E CANCIÓNS/PATIO		AULA / PATIO
16:30-17:30	MERENDA/ XOGO	MERENDA/XOGO		COMEDOR/ AULA 2-3 C
17:30-18:30	OBRADOIROS E ACTIVIDADES	OBRADOIROS E ACTIVIDADES		AULA/PATIO
18:30-19:30	XOGO LIBRE/ XOGO POR RECUNCHOS/ RECOLLIDA	XOGO LIBRE/ XOGO POR RECUNCHOS/RECOLLIDA		PATIO INTERIOR

ANEXO 5

OBXECTIVOS DA ÁREA DO COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar o seu contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.
- Establecer relacións causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.
- Resolver situacións problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.
- Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.
- Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas coas que interactúa.
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e períodos de tempo habituais.
- Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando aos seres vivos doutros elementos e materiais presentes no seu contorno inmediato.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.
- Apreciar as celebracións persoais e comunitarias importantes para as persoas valorándoas como actividades que constrúen a vida en sociedade.
- Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.
- Identificar as funcións dos grupos e das organizacións da comunidade descubriendo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

A educación infantil deberá de contribuir a que os nen@s/as acaden os seguintes obxectivos, baseados no Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da EI na Comunidade Autónoma de Galicia

A Educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE CICLO.

- Descubrir, coñecer e controlar o propio corpo, recoñecendo as partes básicas, identificando as súas características persoais e axustando as súas respostas motrices ás necesidades lúdicas e relacionais.
- Identificar as súas necesidades básicas de hixiene, alimentación e saúde, expresalas e resolver autonomamente algunhas situacións habituais (control de esfínteres, fame, sede...)
- Tomar conciencia das propias posibilidades e limitacións, valorar os logros que vai acadando, amosando unha actitude de iniciativa tendente a superar as dificultades na realización das súas tarefas habituais.
- Relacionarse cos adultos e cos seus iguais, respostando ás diferentes emisións afectivas e orais que se lle dirixen, e participando en situacións de actividade compartida e de xogo.
- Observar e explorar o contorno inmediato, percibindo as principais características que o configuran e atribuíndo algún significado ás situación máis cotiás.
- Participar activamente nos festexos que se celebran no seu entorno, gozando coas propostas lúdicas que lle fai o adulto e aproveitándoas como canle para dar saída ás súas preferencias, coñecementos e sentimentos.
- Descubrir formas de comunicación e representación a través do xogo simbólico, das situacións lúdicas en xeral e das necesidades que se lle presentan na súa relación cos demais.
- Comprender as mensaxes corporais e orais dos demais e axustar as súas respostas ás mesmas.
- Recoñecer a identidades dos outros, e comprender que cada quen ten os seus gustos e preferencias, e ir aceptándoos para poder establecer relacións gratificantes con eles.
- Comunicarse cos demais a través das linguaxes corporal e oral para expresar os seus pensamentos, desexos, sentimentos e experiencias, para preguntar, pedir.
- Amosar interese e pracer cara as manifestacións da música, do canto, da danza, da cor, das composicións plásticas..., e empregalas para ampliar as súas posibilidades perceptivas e expresivas.